



## Informe de tesourería e intervención

**Asunto:** Informe do terceiro trimestre de 2013 relativo ao cumprimento de prazos da lei 15/2010

Os funcionarios que subsciben, en cumprimento do disposto nos artigos 4 e 5 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de lotta contra a morosidade nas operacións comerciais, emitirán o seguinte informe:

### Antecedentes de feito

O día 6 de xullo de 2010 publicouse no BOE a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de lotta contra a morosidade nas operacións comerciais, entrando en vigor o día seguinte ao da súa publicación. O obxectivo último da lei é a diminución dos prazos de pago, e a lotta contra a morosidade nas operacións comerciais, dentro das cales se atopan as realizadas polas administracións públicas.

Do texto da lei dedúcese unhas obrigas de rendición de información e dación de contas por parte das administracións públicas, entre as cales se atopa a Deputación Provincial de Lugo.

Así mesmo, o día 17/02/2011 emítese Resolución de Presidencia (modificada o día 07/01/2013) na que se resolve o seguinte:

1. Creación formal do Rexistro de Facturas, que entra en funcionamento o día 01/03/2011.
2. Procedemento de tramitación para o pago de facturas no que, entre outros aspectos, se establece que a data de rexistro do Rexistro de Facturas marca o inicio do cómputo do prazo de pago de facturas, agás no caso das certificacións de obra onde é a data de expedición da certificación a que marca o inicio do cómputo do prazo de pago.

Posteriormente, o día 23 de febreiro de 2013 publicouse no BOE o Real decreto lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, que entra en vigor o día 24 de febreiro de 2013, e que modifica artigos de diferentes normas e ámbitos, sendo o artigo 33, Disposición Transitoria 3<sup>a</sup>, Disposición Final quinta e sexta as que afectan á morosidade.

### Fundamentos de derecho

- Artigos 1,3,4 e 5 e Disposición Transitoria Primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo.

Como mecanismo de transparencia no cumprimento das ditas obrigas de prazos de pago, a dita Lei 15/2010 establece que se rendan informes periódicos, tal e como disponen os apartados 3 e 4 do artigo cuarto e o apartado 4 do artigo 5 da dita lei:

#### *"Artigo 4. Morosidade das Administracións Públicas.*

*3. Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluirá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.*

*4. Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo os seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.*

...

**Artigo 5. Rexistro de facturas nas Administracións locais.**

4. A Intervención ou órgano da Entidade local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales transcorrerán máis de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro e non se tramitaran os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos anteditos. O Pleno, no prazo de 15 días contados dende o día da reunión na que teña coñecemento da dita información, publicará un informe agregado da relación de facturas e documentos que se lle presentaran agrupándoos segundo o seu estado de tramitación."

**Informe**

Para a súa elaboración e a dos anexos adoptáronse, por unha banda, os criterios colexiais do Consello Xeral de Secretarios, Interventores e Tesoureiros e, por outra, seguiuse a guía para a elaboración dos informes trimestrais que as entidades locais han de remitir ao Ministerio de Economía e Facenda, que está a disposición dos usuarios na web do Ministerio de Economía e Facenda, na oficina virtual das entidades locais, e que ainda non foi adaptada polo MINHAP ás modificacións do RDL 4/2013.

O ámbito de aplicación son as operacións comerciais, estando incluídas aquelas que realicen os poderes adxudicadores para a execución dos contratos de obras, concesión de obras públicas, xestión de servizos públicos, subministro, servizos e de colaboración entre o sector público e o sector privado.

Quedan, por tanto, excluídos todos os gastos de retribucións do persoal, gastos de transferencia corrente ou de capital, gastos de natureza financeira e pagos pendentes derivados de obrigas non orzamentarias.

Polo que respecta aos prazos de pago, o artigo 216.4 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece o prazo de pago en 30 días, sendo o prazo de pago de dous meses para o caso das certificacións finais de obras (artigo 166 do RLCAP) e de sesenta días para as liquidacións de obra (artigo 235.3 TRLCSP).

Neste senso hal que resaltar que tras a modificación introducida polo Real decreto lei 4/2013, non é pacífica a interpretación desta norma debido a modificación dos prazos de pago respecto ao seu cómputo e cuxa aclaración está pendente de informe da Xunta Central Consultiva de Contratación.

Por todo o anterior, e tendo en conta que ainda non saíu ningunha circular ou norma que aclarara os aspectos mencionados, o criterio que se seguiu na elaboración do presente informe é o que se seguiu ata agora, tendo en conta que os prazos que así consideramos son máis estritos que os que permite a actual normativa tras a modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, e do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo antedito Real decreto lei 4/2013, de 22 de febreiro.

Polo que atinxo ao período concreto respecto ao que se emite o presente informe e anexos, correspondense cos documentos xustificativos do terceiro trimestre de 2013 respecto dos que se cifrará o número e contía global dos mesmos e relacións valoradas anotadas no Rexistro de Facturas, tal e como se recolle nos Anexos a este informe.

Por todo o exposto **proponse**:

**Primeiro.** Que o presente Informe e os seus anexos se eleven ao Pleno da Deputación, de conformidade co artigo cuarto e quinto da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

**Segundo.** Dispoñer que se proceda á inserción na páxina web da Deputación do presente informe e do anexo I.

**Terceiro.** Que, en todo caso, se de traslado aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda (á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas CCAA e coas EELL) e á Xunta de Galicia, aos efectos oportunos.

Lugo, 18 de setembro de 2013

EXCMO. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

PELLEGRÍN  
29 OCT 2013

sesión da día

O PRESIDENTE  
R.D. Xosé M. Pellegrín  
VICEPRESIDENTA  
Ana L. Sánchez López

O SECRETARIO



Rosa Abeleira Fernández

O tesoureiro

José Ferreiro Fernández



## ANEXO I

**Informe TRIMESTRAL de cumprimento de prazos Lei 15/2010**  
**Detalle de Pagamentos Realizados e Pendentes de Pago da Entidade Local**

## ENTIDADES CON ORZAMENTO LIMITATIVO

Entidade Local:

Deputación Provincial de Lugo

Informe correspondente ao Exercicio:

2013

Trimestre:

TERCEIRO

Pagamentos realizados no Trimestre	Período Medio de Pago (PMP) (días)	Período Medio de Pago Excedido (PMPE) (días)	Pagamentos realizados no trimestre			
			Dentro período legal de pago		Fora período legal de pago	
			Nº de pagamentos	Importe total	Nº de pagamentos	Importe total
<b>Gastos en Bens Correntes e Servizos</b>	<b>34,74</b>	<b>36,35</b>	<b>818</b>	<b>1.718.681,63 €</b>	<b>428</b>	<b>827.367,75 €</b>
20 Arrendamentos e Canons	21,2	2	2	6.391,98 €	1	121,00 €
21 Reparacóns, Mantemento e Conservación	59,24	49,48	200	143.397,97 €	220	275.864,05 €
22 Material, Subministros e Outros	29,93	29,79	616	1.568.891,68 €	204	350.949,43 €
23 Indemnización por razón do Servizo	-	27,34	0	0,00 €	3	433,27 €
<b>Investimentos reais</b>	<b>33,03</b>	<b>19,27</b>	<b>85</b>	<b>1.814.347,13 €</b>	<b>32</b>	<b>1.326.680,53 €</b>
6 Investimentos reais	33,03	19,27	85	1.814.347,13 €	32	1.326.680,53 €
<b>Outros Pagamentos por Operacións Comerciais</b>	<b>118,21</b>	<b>129,36</b>	<b>6</b>	<b>55.996,30 €</b>	<b>5</b>	<b>137.804,27 €</b>
OC Outras operacións comerciais	118,21	129,36	6	55.996,30 €	5	137.804,27 €
<b>Total</b>	<b>36,58</b>	<b>32,06</b>	<b>909</b>	<b>3.589.025,06 €</b>	<b>465</b>	<b>2.291.852,55 €</b>

Xuros de mora pagados no trimestre	Xuros de mora pagados no trimestre	
	Nº de pagamentos	Importe total xuros
Gastos Correntes en Bens e Servizos	-	- €
Investimentos Reais	-	- €
Outros Pagamentos realizados por operacións comerciais	-	- €
Sen Desagregar	-	- €
<b>Total</b>	<b>-</b>	<b>- €</b>

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre	Período Medio do Pdte. Pago (PMP) (días)	Período Medio do Pdte. Pago Excedido (PMPE) (días)	Pendentes de pago ao final do trimestre			
			Dentro período legal de pago		Fora período legal de pago	
			Nº de operacións	Importe total	Nº de operacións	Importe total
<b>Gastos en Bens Correntes e Servizos</b>	<b>36,79</b>	<b>35,3</b>	<b>241</b>	<b>466.919,85 €</b>	<b>124</b>	<b>365.159,85 €</b>
20 Arrendamentos e Canons	20	-	2	6.391,98 €	0	0,00 €
21 Reparacóns, Mantemento e Conservación	32,16	17,44	49	126.018,64 €	48	171.424,54 €
22 Material, Subministros e Outros	39,61	51,09	190	334.509,23 €	76	193.735,31 €
<b>Investimentos reais</b>	<b>22,5</b>	<b>32,69</b>	<b>17</b>	<b>974.782,34 €</b>	<b>2</b>	<b>220.752,92 €</b>
6 Investimentos reais	22,5	32,69	17	974.782,34 €	2	220.752,92 €
<b>Sen desagregar</b>	<b>70,54</b>	<b>70,2</b>	<b>55</b>	<b>137.543,40 €</b>	<b>122</b>	<b>249.427,65 €</b>
OC Sen desagregar	70,54	70,2	55	137.543,40 €	122	249.427,65 €
<b>Outros Pagos Pdtes. por Operacións Comerciais</b>	<b>69,25</b>	<b>58,4</b>	<b>1</b>	<b>17.579,31 €</b>	<b>2</b>	<b>44.290,17 €</b>
OC Outras operacións comerciais	69,25	58,4	1	17.579,31 €	2	44.290,17 €
<b>Total</b>	<b>35,98</b>	<b>45,7</b>	<b>314</b>	<b>1.596.824,90 €</b>	<b>250</b>	<b>879.630,59 €</b>

Facturas ou docum. xustificativos ao final do trimestre con máis de tres meses da súa emitación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento da obriga (artigo 5.4 Lei 15/2010)	Período medio operacións pendentes de recoñecemento (PMOPR)	Pendente de recoñecemento de obriga	
		Número	Importe total
Material, Subministros e Outros	120,13	19	45.244,34 €
Sen desagregar	185,59	65	82.544,55 €
<b>Total</b>	<b>162,41</b>	<b>84</b>	<b>127.788,79 €</b>